


## ALGÚNS FELINOS

**O TIGRE:** Pertence a familia dos gatos. É o animal máis grande da familia dos felinos, pode pesar 40 veces máis que un gato común, uns 250 Kg o macho e algo menos a femia. Vive na selva asiática.

Viven e cazan en solitario. Non lle gusta o calor, polo que cando vai calor pasa os días deitado á sombra. Normalmente caza de noite. As súas raias axúdanlle a camuflarse entre as herbas dos territorios onde cazan. Así que



espera agachado ás súas presas e cando están cerca, salta sobre elas. Pode comer grandes cantidades de carne dunha sentada, uns 20 ou 25 Kg e logo pasar varios días sen comer aínda que se lle é posible, prefire comer menos, uns 5 Kg, e comer cada día.

É un gran saltarín, poden saltar ata 4 metros de lonxitude e 2 de altura. É un animal agresivo. Ataca ó home pero nunca ataca de fronte, así que unha maneira de protexerse dos tigres é pondo unha máscara na cabeza pola parte de atrás.

**O OCELOTE:** É un felino de uns 130 cm de longo (rabo incluído). Vive nas selvas de Sudamérica. A súa pel foi moi cotizada para facer prendas de vestir polo que foi moi perseguido polos cazadores e está en perigo de extinción. Agora está prohibida a súa caza.

**O LEOPARDO:** Vive en África e Asia, tanto na selva coma en terreos rocosos. Vive en solitario e caza de noite. É un bo trepador, sube ás árbores con facilidade e incluso sube alí tamén a súa caza para pola a salvo doutros animais. Non hai 2 leopardos coa pel igual.

Para cazar sube as árbores e cando pasa a presa por debaixo deixase caer encima dela.

**A PANTEIRA NEGRA:** Nas zonas húmidas a pelaxe do leopardo vólvese negra, a estes leopardos negros chamámoslle panteras negras.

**O XAGUAR:** É o parente americano do leopardo, incluso pode ser máis grande que el. É moi fero, non dubida en atacar ó home. É un gran nadador e trepador. Caza, pero tamén pesca.

As manchas do xaguar, aínda que son circulares coma as do leopardo, diferéncianse en que case todas teñen un lunar no medio. Mide o mesmo que o leopardo pero están máis gordos. A femia soe ter 4 cachorros en cada camada e viven con ela ata os 2 anos.

## COMPRENSIÓN

### Sinala a resposta correcta:

1. O tigre:

pode comer 50 kg de carne dunha sentada.

pode pesar 40 veces máis que un gato común.

caza en manadas.

2. O ocelote:

aliméntase de peces.

é especie protexida xa que está en perigo de extinción.

os cazadores o levan as cacerías.

3. O leopardo:

é un bo trepador.

todos teñen a pel igual.

caza perseguindo a carreira ás presas.

### Completa as seguintes frases sobre o texto que acabas de ler:

A femia do xaguar soe ter \_\_\_\_\_ cachorros en cada \_\_\_\_\_ e viven \_\_\_\_\_.

O \_\_\_\_\_ mide o mesmo que o leopardo pero está máis gordo.

Os leopardos negros chamámoslle \_\_\_\_\_.

**Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases:**

\_\_\_\_\_ O tigre pertence a familia dos gatos.

\_\_\_\_\_ A pel do ocelote foi moi cotizada para facer prendas de vestir.

\_\_\_\_\_ O tigre é un animal agresivo e moi saltarín.

\_\_\_\_\_ O leopardo non vive en Africa.

## **ACTIVIDADES**

**1. Escribe unha característica de cada un dos felinos do**

**texto:**

▶ TIGRE: \_\_\_\_\_

▶ OCELOTE: \_\_\_\_\_

▶ LEOPARDO: \_\_\_\_\_

▶ PANTEIRA NEGRA: \_\_\_\_\_

▶ XAGUAR: \_\_\_\_\_

**2. ¿Cántas palabras eres capaz de encontrar dentro desta?  
Colorea as casillas que non utilices.**

	L	E	O	P	A	R	D	O
1	L	E	O					
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								

3. **Escribe na ringleira as palabras que se repiten nas columnas:**

trepador

presa

ocelote

ocelote

nidos

presa

agresivo

agresivo

mamífero

salvaxe

trepador

espuma

presa

salvaxe

trepador

mamífero

mamífero

salvaxe

---





4. **Busca en la sopa de letras:**

trepador, ocelote, tigre, xaguar, panteira

o	s	m	f	a	r	i	e	t	n	a	p
c	b	a	a	s	h	t	y	i	a	s	s
e	a	a	b	m	c	r	y	u	g	p	a
a	r	b	a	o	i	a	b	a	b	r	c
n	g	c	b	c	a	f	e	r	f	c	e
o	e	t	r	e	p	a	d	o	r	i	r
y	u	d	t	a	d	b	h	r	o	e	d
u	l	u	u	O	e	c	r	y	o	a	t
h	o	g	o	t	s	c	r	y	v	b	u
r	a	i	a	e	i	x	e	t	o	r	p
x	a	g	u	a	r	d	e	f	u	h	a

5.

Busca o tigre que sexa igual ao modelo



6.

Trata de ler o que din estas frases e escribeas:

O tigre é o animal máis grande da familia dos felinos

.....

As súas raias avídanlla a camuflarse entre as herbas

.....

O vaquar é o parente americano do leopardo

.....

**7. Ordena as seguintes palabras e forma**

**frases con sentido:**

▶ vive – caza - en – noite. - leopardo – solitario - e –  
de

---

---

▶ O – á – gatos – tigre – dos – pertence – familia

---

---

▶ leopardo. –O – parente - xaguar – é - o - americano –  
do

---

---

**8. Escolle a un dos felinos do texto e inventa un pequeno conto no que éste sexa o protagonista:**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---